A CHAVE

CARACTERÍSTICA PRINCIPAL :
LANZAR
XOGO CON MATERIAL:
SI

DESCRICIÓN

NOME DO XOGO:
A CHAVE
XEITO DE XOGO:
Xogo de lanzamento e precisión que consiste en lanzar unhas pezas habitualmente de ferro (pesos ou pellos) contra da "Chave" (de diferentes formas, segundo a zona) para facela xirar ou derrubala.
Xógase en equipos de dúas ou tres persoas, lanzando cada unha entre 3 e 5 pellos. O fin que se persegue é facer xirar as pás da chave (Ferrolterra e Ourense) ou derrubala (Santiago). Gaña o xogo quen máis puntos acade en cada man ou tirada. Adoita xogarse a un número determinado de puntos ou a un total de 6 xogos, con posibilidade de un sétimo xogo en caso de empate. No caso da chave de Ferrolterra, o encontro/partido faise en dúas tandas de 6 xogos (como dúas partidas completas das descritas antes).
VARIANTES:
- **Chave de Ferrol:** xiro das pás nun eixo horizontal.
- **Chave de Ourense:** xiro das pás nun eixo vertical.
- **Chave de Santiago:** chave fixa; non hai xiro.

As distancias de lanzamento varian entre os 10 e 20 metros. No ámbito escolar é recomendable rebaixar as distancias ate polo menos á metade.
MATERIAIS E ESPAZOS:
Chave e 5 **pellos**.
O espazo preciso é un corredor de -polo menos- 2 metros de ancho e 10 metros de longo.
LÉXICO ESPECÍFICO:
Chave; pello ou peso; *levar a man...*

CONSIDERACIÓNS DIDÁCTICAS

FORMACIÓN DE GRUPOS:
Xogo en parellas ou tríos.
CARACTERÍSTICAS MOTORAS QUE DESENVOLVE:
COORDINATIVAS: coordinación de cadeas musculares precisas para o xesto de lanzamento. Coordinación ollo-man.
ADAPTACIÓNS:
POR IDADE/CICLO: o parámetro de dificultade de referencia é a distancia de lanzamento, polo que se debe de modificar para facilitar ou dificultar o xogo. Outro elemento facilitador é permitir puntuar con só golpear a pá aínda que non se produza movemento, ou incluso iniciar a puntuación só por golpear toda a chave, non só a pá...
POR LIMITACIÓNS MOTORAS OU SENSORIAIS: poderíase estudar algún tipo de adaptación estilo *"canaleta"* como as utilizadas na boccia para facilitar o lanzamento.
RELACIÓN CON OUTRAS MATERIAS:
- Ciencias Naturais: Lanzamento parabólico, inercia, movemento angular, etc. Propiedades dos materiais (densidade, masa, dureza, etc).
- Língua: vocabulario específico
- Ciencias Sociais: Agrupacións de persoas: AAVV, Asoc. Culturais, etc. Oficios: quen facía as chaves, tecnoloxías, etc.
- Matemáticas: suma, números naturais, conxuntos...

OUTROS XOGOS SEMELLANTES NO MUNDO

Tejo ou *Calva* (Castela), *Jogo da Malha* (Portugal)...

Deseño: ABANA EVENTOS S.L.

DEPORTE GALEGO
XUNTA DE GALICIA